

Plan de Biblioteca · Plan Anual de Biblioteca

	Plan de Biblioteca	Plan Anual de Biblioteca
Que é?	É un documento do centro que recolle o plan de traballo da BE. A súa finalidade é a promoción da BE como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe. Ten que favorecer ao desenvolvemento do PLEA e o uso, por parte de alumnado e profesorado, das distintas fontes informativas e da variedade de servizos da biblioteca escolar, en beneficio de todas as áreas e materias.	É a concreción anual dese plan e traballo.
Onde está recollido?	Forma parte do Proxecto Educativo do Centro (PEC) .	Forma parte da Programación Xeral Anual (PXA) .
Quen o fai?	A persoa responsable da biblioteca escolar deseñará o Plan de Biblioteca, en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio á biblioteca.	Será deseñado pola persoa responsable da biblioteca escolar en colaboración coa xefatura de estudos e o equipo de apoio á biblioteca.
Estrutura	A estrutura do Plan non é ríxida. Incluirá, como mínimo, os seguintes elementos recollidos nas Ordes que desenvolven os currículos 1. <i>Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación deste.</i> 2. <i>Análise do contexto, que recollerá, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á organización e a xestión da biblioteca, á formación de persoas usuarias, á contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e ao fomento da lectura.</i> 3. <i>Obxectivos dos que se especificarán indicadores.</i> 4. <i>Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.</i>	A estrutura non é ríxida, mais deberá contemplar, cando menos, o seguinte: 1. Obxectivos dos que se especificarán indicadores. 2. Actuacións. 3. Recursos humanos e horario previstos. 4. Avaliación e difusión. Tanto os obxectivos como as actuacións e a avaliación deberán estar en relación coa organización e xestión, coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa formación das persoas usuarias e a adquisición da competencia informacional, co fomento da lectura, co desenvolvemento do Plan de Lectura, Escritura e Acceso á información e en relación con outras actuacións (biblioteca inclusiva, implicación das familias e comunidade educativa, redes desde a biblioteca escolar etc.).
Vixencia	O Plan de Biblioteca, canda o PEC, ten unha vixencia de catro anos. Aínda así, poderanse facer outras actualizacións para adaptarse aos cambios que vaia experimentado a biblioteca escolar e o centro.	O Plan Anual de Biblioteca ten unha vixencia dun curso escolar.
Bibliotecas PLAMBE	Todas as bibliotecas que forman parte do Plambe elaboraron un proxecto para incorporarse a este programa. Este proxecto correspóndese co Plan de Biblioteca e, como tal, deberá incorporar as necesarias actualizacións derivadas da adaptación á lexislación vixente e á realidade actual da nosa biblioteca e do noso centro.	As liñas prioritarias que para cada curso elaboran as bibliotecas Plambe correspóndense co Plan Anual de Biblioteca.

Referencias

- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Resolución do 1 de setembro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2025/26.
- Resolución do 4 de xuño da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2025/26.